

**INTERVENCIÓN**

LVP/slb

Refª: ispac732259329876300170.doc

Asunto: Decreto alcalde transferencia de crédito 40-2025 servizo de Igualdade

**ECRETO**

**EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS ECONÓMICAS PARA PODER PROCEDER Ó ABOAMENTO DA LIQUIDACIÓN DA ACHEGA QUE CORRESPONDE Ó CONCELLO DE LUGO POLO PERÍODO 2024-2025 EN RELACIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 41-2025, por un importe total de 758,07 €, dentro do vixente orzamento municipal, para dar cobertura as obrigas económicas para poder proceder ó aboamento da liquidación da achega que corresponde ó Concello de Lugo polo período 2024-2025 en relación ó convenio de colaboración suscrito para a prestación do servizo de transporte metropolitano de Galicia, conforme o procedemento de de cálculo a través do sistema informático SITME establecido para a determinación das bonificacións e imputacións ás administracións participantes neste convenio.

Visto informe da Intervención municipal Ref.: 1907/2025, do 28.11.2025, así como o mandamento contable RCMOD Ref.: 77870/2025, polo importe total de 758,07 euros.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 758,07 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
44000.22799	758,07 €	44000.45001	758,07 €
TOTAL	758,07 €		758,07 €

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.

Firmado por: \*\*\*393\*\*\* - MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (FECHA: 2025-12-01 12:41:48.00)

CVD: rCoy/bak+jj0pFIP09Vqs

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto/resolución: 11267/2025